



A presidenta do Parlamento reitera que os políticos están obrigados a “tender pontes de entendemento” que redunden en beneficio dos cidadáns

Pilar Rojo interpreta que a visita de José Bono ao Parlamento de Galicia reafirma a vixencia do principio de lealdade institucional

Santiago, 22 de outubro de 2009.- A visita efectuada hoxe polo presidente do Congreso dos Deputados, José Bono, ao Parlamento de Galicia supera o ámbito protocolario na medida en que “reafirma o principio de lealdade institucional que todos compartimos”, segundo expresou a presidenta da Cámara galega, Pilar Rojo.

Rojo Nogueira recibiu no Pazo do Hórreo, este mediodía, ao seu homólogo do Congreso dos Deputados, José Bono, que asinou no libro de ouro do Parlamento de Galicia e tivo oportunidade de coñecer as instalacións e equipamentos da sede lexislativa galega.

Ademais de se entrevistar coa presidenta da Cámara, Bono tamén intercambiou pareceres cos integrantes da Mesa do Parlamento de Galicia e cos portavoces dos tres grupos parlamentarios.

Entendemento institucional

En declaracións aos xornalistas que seguiron a visita, Pilar Rojo reafirmou que unha das principais obrigas dos políticos reside en “tender pontes de entendemento, tan necesarios” entre as

diferentes institucións públicas en beneficio do conxunto dos cidadáns.

Servir mellor aos cidadáns

Nesta liña, a máxima responsable do Parlamento de Galicia valorou ese espírito de lealdade institucional e insistiu no seu compromiso de traballar para “crear as condicións propicias para chegar a acordos” que beneficien os cidadáns.

Rojo Noguera agradeceu a presenza de Bono na Cámara galega, que se enmarca nunha rolda de visitas que está a efectuar aos diferentes parlamentos autonómicos para coñecer o seu funcionamento, ao tempo que reiterou que o Congreso dos Deputados “nos representa a todos os españois”.

Na reunión celebrada este mediodía, a presidenta do Parlamento de Galicia e o presidente do Congreso dos Deputados analizaron tamén posibles vías de colaboración entre as dúas institucións.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.